



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas

Materia	Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas			
Código	P02M066V06105			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Sierra Martínez, Silvia			
Profesorado	Sierra Martínez, Silvia			
Correo-e	sierra@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/silvia-sierra-martinez/">http://http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/silvia-sierra-martinez/</a>			
Descrición xeral	Esta materia ten a función de axudar ao alumnado a adquirir e desenvolver todo tipo de competencias que lle permitan exercer a orientación académica e profesional en centros de educación secundaria con coñecemento das bases legais que regulan a súa organización e funcionamento en Galicia, así como as claves conceptuais para comprender ambas dimensións e desenvolverse adecuadamente no devandito contexto.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B11	Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.
B13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
B14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
C6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
C7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
C19	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
C25	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade
C31	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.

D1 Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

D3 Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
2. Comprender a relación existente entre os distintos modelos de orientación psicopedagóxica e o sistema educativo	B13 B14 C6 C31 D1
3. Analizar criticamente o modelo institucional de orientación existente na Comunidade Autónoma de Galicia	B13 C25 D1
4. Deseñar Plans e programas de Orientación Académica e Profesional para educación secundaria	B3 B11 B13 C7 C9 C19 D1
5. Valorar a orientación educativa como un factor de importancia para a calidade da educación	C7 C9 C25 C31 D3

### Contidos

Tema	
1. A orientación como actividade educativa	1.1. Relación entre orientación e educación 1.2. A orientación no sistema educativo
2. Principios e modelos de orientación	2.1. Os principios de prevención, desenvolvemento e intervención no contexto. 2.2. Modelos teóricos, de intervención e institucionais
3. Instrumentos e técnicas de orientación	3.1. A relación entre modelo, técnica e instrumento 3.2. A observación sistemática, as probas psicopedagóxicas e a entrevista
4. Organización e funcionamento dos servizos de orientación	4.1. Os servizos internos: departamento de orientación e titorías. 4.2. Os servizos externos: equipos dun ámbito e especialidade determinada.
5. A titoría como elemento da educación secundaria	5.1. A titoría nos centros de secundaria: regulamentos 5.2. As funcións titoriais na educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia
6. Principios de intervención psicoeducativa derivados dos enfoques sistémico e constructivista.	6.1. Os principios de intervención psicoeducativa na lexislación actualmente vixente. 6.2. A intervención psicoeducativa como actividade do departamento de orientación e o equipo de orientación específico
7. Elementos de deseño curricular e os proxectos de realización curricular	7.1. Contidos de orientación académica e profesional como elementos do deseño e realización do currículo 7.2. Adecuación do currículo en función do diagnóstico psicopedagóxico.
8. Fundamentación psicolóxica e pedagóxica do currículo	8.1. Fundamentos psicolóxicos do currículo de secundaria e orientación académica e profesional. 8.2. Fundamentos pedagóxicos do currículo de secundaria e orientación académica e profesional.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	3	12	15
Resolución de problemas de forma autónoma	4	10	14
Estudo de casos	3	6	9
Debate	2	2	4
Presentación	13	3	16
Cartafol/dossier	4	20	24
Traballo	2	16	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado. Resulta fundamental que as explicacións sirvan para axudar a comprender en termos legais e conceptuais o modelo institucional de orientación educativa e profesional que se acha vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregarase como complemento da lección maxistral. Os problemas que poden propoñerse son os que normalmente se lle presentan aos departamentos de orientación dos centros con etapas de educación secundaria
Estudo de casos	Análise dun feito ou problema real relacionado coa orientación psicopedagóxica coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Supón a aplicación dos conceptos teóricos e legais que se imparten na materia.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes centrado nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso ou no resultado dun problema. Esta estratexia empregarase con frecuencia como medio de lograr a participación do alumnado e impulsar a construción do coñecemento dentro da aula.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, problema, exercicio, proxecto ou estudo de caso, normalmente tutelados polo profesorado. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo e xunto coa elaboración e resultado do traballo como tal posúe un peso importante na cualificación do alumnado.
Cartafol/dossier	Plantexanse distintos traballos (individuais ou en grupo) en cada unha das sesións que se van recollendo e avaliando a longo do curso mediante un dossier cartafol que vai xerando cada alumno ou alumna, coa asistencia da profesora.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Axuda a cada equipo de traballo no estudo de casos (departamento de orientación dalgún centro). Axuda a cada equipo de traballo na resolución de problemas e deseño de proxectos (PAT, POAP, PXAD, POE e PC). Asistencia titorial para a elaboración dun cartafol por parte de cada estudante.
Estudo de casos	Axuda a cada equipo de traballo no estudo de casos (departamento de orientación dalgún centro). Axuda a cada equipo de traballo na resolución de problemas e deseño de proxectos (PAT, POAP, PXAD, POE e PC). Asistencia titorial para a elaboración dun cartafol por parte de cada estudante.

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades de aula	20	B3 B11 B13		
Estudo de casos	Estudio de caso	20	B3	C7 C31	D1
Presentación	Posta en común de traballos e participación activa na aula	20	B13 B14		D1 D3
Cartafol/dossier	Elaboración individual dun dossier con materiais a partir das lecturas obrigatorias	40		C19 C25	D3

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Na convocatoria ordinaria, para obter a cualificación de aprobado, o alumno/para deberá alcanzar a puntuación mínima de 5 puntos totais, realizar en prazo todas as actividades así como cumprir os seguintes requisitos:

- Alumnado asistente. O itinerario ordinario, é dicir, a avaliación continua, é posible para aquel alumnado que teña, como mínimo, o 80% da asistencia e unha participación activa na aula. A avaliación final será mediante un portafolio elaborado ao longo do curso (40%) e prácticas grupais (60%).

- Alumnado non asistente (avaliación global). O itinerario alternativo é para aquelas persoas que, por razóns debidamente

xustificadas, teñan máis dun 20% de ausencias a clase ou que, aínda cunha porcentaxe inferior de ausencias, non entregasen reiteradamente en tempo e forma os traballos que permitan avaliar o logro das competencias propias da materia. O alumnado que se atope nesta situación será avaliado mediante a elaboración un portafolio (40%) e diversas prácticas (60%). Deberanse realizar os traballos de forma individual e a entrega dos mesmos será o día oficial de realización da proba de exame. A cualificación dos traballos realizarase con idénticos criterios aos utilizados co alumnado asistente.

En caso de non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo. Aquel alumnado (asistente ou non asistente) que suspenda, non alcance o mínimo esixido ou non teña puntuación, terá unha convocatoria extraordinaria na cal se poderán recuperar os apartados pendentes nas mesmas condicións de cualificación e a mesma proporcionalidade que na convocatoria ordinaria. Aquel alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, estará exento en convocatorias sucesivas de avaliar as partes superadas.

A efectos evaluativos, un mesmo traballo non pode ser utilizado para outras materias e se este non cumpre os aspectos formais esixidos (en especial, citación incorrecta de autorías ou plaxio) será rexeitado. Todos os traballos entregados mediante a plataforma MooVi serán analizados mediante o sistema anti-plaxio da UVigo.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE ( PAT).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

### **Bibliografía Complementaria**

---

Graña, V., **Manual legislativo do ensino non universitario galego**, A Coruña: V. Graña editor,  
Sobrado, L. y Ocampo, C., **Evaluación psicopedagógica y orientación educativa**, Barcelona: Estel,  
Outros recursos informativos:, **Leis e os seus desenvolvementos**,  
Outros recursos informativos, **Plans, Proxectos, Protocolos e programas**,

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

O alumnado non asistente debe comunicar ao docente, durante a primeira semana de clase, a súa intención de optar polo itinerario alternativo e concertar unha titoría personalizada.

Recoméndase a asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte dos docentes, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedementais.

A comunicación entre os estudantes e as docentes realizarase mediante os foros habilitados para dúbidas académicas. As cuestións persoais serán tratadas unicamente mediante o correo electrónico institucional. Non se responderá a direccións de correo persoais.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

---